

A VOZ DO MARISCAL





ÍNDICE

EDUCACIÓN INFANTIL

04 SORPRESA DA INDIA DE 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

07 CHEGOU A PRIMAVERA DE 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

13 ANIMAIS EN PERIGO DE EXTINCIÓN E O POLO NORTE DE 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

18 PSICOMOTRICIDADE: O TÚNEL SENSORIAL.

EDUCACIÓN PRIMARIA

21 AS NOSAS SAÍDAS E CHINA DE 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

27 KONNICHIWA DE 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

33 APRENDEMOS E CONVIVIMOS DE 3º DE E. PRIMARIA.

38 MÉXICO: CULTURA, CURIOSIDADES E MONUMENTOS DE 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

44 COÑECENDO ÁFRICA DE 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

47 VIAXE AO PASADO DE 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.



E ADEMAIS...

54 PORTADA GANADORA Y FINALISTA

*56 RELATO CURTO GANADOR: "O EXPLORADOR CABEZÓN" DE
HUGO VILLAR RELLÁN, DE 6ºB.*

*57 RELATO CURTO GANADOR: "OS PINGÜÍNS PODEN VOAR?"
DE ANTÓN PAZÓ PÉREZ, DE 6ºB.*

58 ATA SEMPRE!!

A voz do Mariscal



Os cativos e cativas de 4º EI-A recibimos unha sorpresa da **India**, tocamos unha fruta e saíu da cesta unha **cobra!!** Comezamos o proxecto.



No **Entroido**, vestímonos con fermosas e coloridas teas, levando postos bonitos turbantes e saris.





Descubrimos cousas sobre a **India**: o palacio máis famoso é o **Taj- Mahal**, móvense con **tuk- tuk** polas rúas e o significado da súa **bandeira**.



As **familias** colaboraron aportando información e investigando sobre a **India**





Chegou un paquete misterioso con **especias** da India: cúrcuma, curri, ...
Ulímolas e atrevímonos a probalas! Ó final pintamos con elas un mural.




Fixemos a nosa propia **festa Holi** para celebrar a chegada da primavera. Aca-
bamos pintados de polvos de cores.





5º Educación Infantil



Chegou a primavera, así que nas nosas aulas preparamos diversos obradoiros e estos foron os resultados.

Fixemos composteiros.



Traballamos algunhas propostas da primavera nos recantos.




A voz do Mariscal



A voz do Mariscal



Recollimos flores no patio e as machacamos para obter pigmento.





Pintamos nos troncos das árbores e fixemos un picnic.
Pasámolo fenomenal!





Para conmemorar o Día do Libro creamos uns marcapáximas.

Ademais, confeccionamos uns medallóns.





E aprendimos a importancia de crear vida: plantando lentellas cun algodón, auga, oveiras e bolsiñas.






Despois trasplantámolas nuns vasos de iogur.






OS NENOS E NENAS DE 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL A EMPEZAMOS O ANO DESCUBRINDO ANIMAIS EN PERIGO DE EXTINCIÓN.



DEPOIS COÑECEMOS OUTROS ANIMAIS QUE VIVEN NO




ALI ESTÁN OS



QUE PREFIREN QUE LLES CHAMEMOS INUITS.



E APRENDEMOS MOITO SOBRE ELES E AS SÚAS COSTUMES.



A voz do Mariscal




PERO TAMÉN FIXEMOS
MOITAS COUSAS MAIS

ESCRIBIMOS



CONTAMOS



INVENTAMOS



E SOBRE TODO



PASAMO LO

MOI BEN





6º E.I. B

ANIMAIS EN PERIGO DE EXTINCION




A voz do Mariscal



XIRAFÁ




OSO PANDA



LOBO IBÉRICO

POLO NORTE



AUROA BOREAL







TRABALLAMOS NO PATIO









Este curso pasámolo moi ben no “**Túnel Sensorial**”, aínda que ao principio asustaba un pouco, ao rematar o percorrido quedabamos todos encantados coa experiencia.



A voz do Mariscal



A voz do Mariscal



Tamén disfrutamos moito no Nadal ...





Saídas 1º trimestre



Visitamos o Alcampo, amasamos, fornecemos e vimos a embalaxe do pan. Pero tamén o tratamento da carne, os lineais da froita, peixes e mariscos... E o proceso que seguen para a reciclaxe do lixo que xeran alí. E nos deron de comer queixo, croquetas, pan...



A
L
C
A
M
P
O



Xa en decembro e preto do inverno, saímos tamén a pé ao Fogar e Clínica San Rafael. Alí comprobamos que fan nos talleres (carpintería, encadernación, ferro, xoguetaría...) e venden na tenda. Desfrutamos o clásico Belén que fan desde hai 70 anos e visitamos un taller para facer un adorno de Nadal.



SAN
R
A
F
A
E
L





Saídas 2º trimestre

Comezamos o trimestre saíndo do Museo Liste para adiviñar "Sons no traballo" de materiais gardados en caixas, e outros por tódolos recunchos do museo (como o tear da imaxe). Consequimos acertalos todos!!!



m l
u i
s s
e t
o e



E rematamos o trimestre saíndo por fin en bus para ver o acuario do museo onde vimos pequenos tiburóns, e os ovos de onde nacen, que alí coidan en vitrinas. E tamén tocamos ósos doutros animais, cunchas, etc.



m d
u o
s m
e a
o r





Saídas 3º trimestre

E neste trimestre achegámonos do antigo Vigozoo para ver moitos animais e plantas, seres vivos que estivemos a aprender en Ciencias Naturais.



N
V
I
G
O
Z
O
O



Visitas e obradoiros 1º trimestre



N
A
D
A
L





COMPOST

Participamos nun obradoiro de compostaxe co xogo da miñoca e fixemos manualidades por Nadal.

2º trimestre

MARTIÑO




Martiño, o corvo mariño, veu de visita desde o Parque Nacional das Illas Atlánticas e aprendimos moito sobre o seu hábitat.



HORTO

3º trimestre



Na primavera o horto nos espera. Fixemos un taller con miñocas que metimos nun bote para observar de aquí ao final de curso. Logo fixemos un maio horizontal para expor na entrada do cole.

MAIOS





Este curso o alumnado de 1º de primaria traballou China como parte do PDI. Estivemos coñecendo a cultura china e as súas tradicións.



Buscamos nun mapa onde se atopa China e vimos que está moocoi lonxe, en Asia.

A súa gran muralla china vese desde o espazo do grande que é.

A súa bandeira ten as mesmas cores que a nosa pero é ben diferente...

Os pandas son uns animais moi importantes en China. Montamos un recuncho no corredoiro para homenaxelos.

Están en perigo de extinción e como curiosidade aprendemos que os osos pandas comen sobre todo bambú e NON hibernan..






Descubrimos que celebran o ano novo en diferente momento de cando o celebramos nós, porque seguen o calendario lunar, e non sempre se fai o mesmo día.

É unha festa moi importante. Para celebralo enchén as rúas e as casas de adornos de cor vermella e botan petardos e fogos artificiais.



Conta unha lenda china que un monstro chamado Nian saía do mar a víspera do ano novo para aterrorizar ós chinos ata que descubriron que Nian lle tiña medo á cor vermella, ó lume e ós ruidos fortes.

Desde entón, os habitantes de China decoran todo de vermello e fan moito ruído para espantar a Nian e atraer así á boa fortuna.



No 2024, o ano novo chinés empezou o 10 de febreiro.

É o ano do DRAGÓN.

Cada ano representa un animal. Teñen 12 animais do horóscopo chinés.

Queres saber cal é o animal do teu ano de nacemento?



Fixate na roda da esquerda



Konnichiwa

Durante este curso o alumnado de 2º de primaria embarcouse na aventura de coñecer algúns dos aspectos máis importantes da cultura xaponesa, as súas costumes e curiosidades, traballando e fomentando o respecto á diversidade cultural e ás diferenzas.

Fixemos moitas cousas! Visualizamos vídeos, coñecimos o manga, adornamos as aulas, elaboráronse lapbooks... Ademais, contamos con María que nos ensinou a arte da escritura xaponesa e convidounos aos doces típicos do país: doraiakis e mochis, que ricos estaban!





Konnichiwa

Tamén decoramos o corredor e ... quedou precioso!

Uha gran porta Torii dá a benvinda a todo o que representamos de Xapón: a cerdeira en flor, as pagodas e os templos, a torre de Tokio, o monte Fuji, a súa escritura, a súa moeda: o Yen, o tren bala, os cormoráns, os loitadores de sumo, os ninjas, os peixes koi, o sushi, o kimono, os zori ou sandalias xaponesas, a geisha, o samurai, o Daruma, o Manga...



Muito traballo en equipo.



48 desexos colgados






Experimentamos xuntos

Volvendo do Xapón, as escultoras e escultores de 2º probamos, vimos e experimentamos co aire, facendo varios experimentos todos xuntos na biblioteca!

Que divertido!


Intentamos meter unha bola de papel dentro dunha botella soprando...pero foi imposible! O aire do interior da botella non nos deixaba meter a boliña!





Experimentamos xuntos II

Seguimos a experimentar, desta volta introducimos un vaso de plástico cunha servilleta dentro. Ao meter este vaso boca abaixo e sacalo do bol, descubrimos que a servilleta seguía totalmente seca!





Experimentamos

Continuamos investigando e experimentado as escultoras e escultores de 2º!
Saímos ao patio para debuxar as nosas sombras no chan. Logo de dúas horas comprobamos que a sombra moveuse! Descubrimos que iso débese a que a terra móvese ao redor do sol, polo que a sombra tamén se moveu, que guai!






Buscamos o ovo perdido

Neste curso tamén tivemos tempo para buscar o ovo perdido de pascua! Para iso, tivemos que superar diferentes probas en equipo para poder atopar os cofres perdidos e abrilos coa clave secreta! Que ben o pasamos!

1





Neste curso os alumnos e alumnas de **3º de Primaria** fixemos moitas actividades súper interesantes e divertidas máis aló das actividades da aula (saídas, celebracións, obradoiros, conmemoracións...)



Entroido



Visita a "Naturnova"



Visita a "Vignature"




"Día da Paz"



Na biblioteca



No horto escolar



Samaín



Nadal



FICHA DE INVESTIGACIÓN: ANIMAIS EN PERIGO DE EXTINCIÓN

FALAMOS DE : PANDA VERMELLO



DESCRIPCIÓN E CARACTERÍSTICAS (familia, especie, estrutura corporal, respiración, forma, cor, pel, desprazamento...)

Pertence a familia Ailuridae e a especie é Ailuropus
fulgens. Miden de 30 a 60 cm. As femias pesan de 4 a 5 Kg e os machos de 4,5 a 6 Kg. O seu pelo é longo, suave e de cor marón avermellado por arriba e negro por abaixo. Ten unha cola longa, peluda e con aneis. A súa cabeza é redonda e con manchas.

HÁBITAT (zona do mundo, clima, tipo de vexetación,...)

Viven no sueste de Asia: Himalaia, Tibet, Birmania, noroeste da India e China.

ALIMENTACIÓN E DEPREDADORES (carnívoro, herbívoro, omnívoro, depredadores, adaptacións,...)

É omnívoro e o que máis lle gusta son as follas de bambú. Tamén come froitas, raíces, líquenes, ovos, insectos, pequenos roedores, etc.

REPRODUCCIÓN (oviparo, viviparo,... duración da xestación, modo de crianza,...)

Son vivíparos. Apareanse de xaneiro a marzo e as crías hacen entre xuño e xullo. Teñen de 1 a 4 crías e son moi pequenas e cegas.

Está en perigo de extinción a causa de A perda de hábitat pola deforestación que podemos non talar os árbores para non destruír as basqueras

/ María Gil 3ºA



CANCIÓN: CULTURAS DO MUNDO

**Podes viaxar a onde queiras,
visitar os sitios que ti queiras.
Podes voar cara a outras cultu-
ras,
tocar as quentes terras de África.**

**Os leóns ruxirán,
as gacelas saltarán,
os guepardos correrán.
Isto é África. Ooooooooooooo.**

**Visitarás os polos do mundo
con glaciares, xeo e máis,
pingüíns, osos e esquimós ...
Porque isto é o que hai nos polos
do mundo.**

Pandas, bambú

**nos bosques hai de China e Xa-
pón
Media volta e "pom" .
E que non falte o sushi,
e "doraiakis" de postre, por
favor!!**

**O Big Ben de Londres te
asombrará.**

**As hamburguesas que ricas es-
tán!**

**E os "burritos", que orixinais!
E os seus militares que medo
dan!!!**

**Estas son algunhas das cultu-
ras do mundo.**

Uuuuuuuuuoooooooooooo

Vera e Sabela– 3º B



-Marina está outra vez nas
nubes!!! A min pásame ás
vezes, sérveme calquera pequena
distracción para evadirmazzz...
O máis quai é cando falan de
animais!! Xan sempre estaba
deseñando libros sobre temas
de animais, era un "carnilíbroto".
Que imaxinará Marina co afio do lapis?
Un avión? Unha nave? Marina, compartes
connosco esa aventura que estás a
vivir? Esta é a historia dunha nena
pirata que capitaneaba un barco
cheo de bandidos e atracadores.
Partira desde o porto da... Unha
nena pirata e capitá dun barco?
Bon me fagas ric!! Roi le a páxina
marcada en alto. Isabel Barreto:
a primeira almiranta. O lugar de
nacemento da primeira muller
almiranta da historia parece
situarse en Pontevedra arredor do
ano 1560. Isabel Barreto era filla
de exploradores...



PAP!!
PAP!!



Este ano o proxecto do centro foi sobre as culturas do mundo, e en cuarto decidimos aprender e investigar sobre México: curiosidades, cultura, monumentos... Algunhas das curiosidades que traballamos:

- Ten a pirámide máis grande do mundo.
- É o principal destino turístico de Latinoamérica.
- O meteorito que matou ós dinosauros caeu en México.
- Ten unha das Sete Marabillas do Mundo.
- É o país con máis Cenotes do mundo
- O can máis pequeno do mundo vén de México.
- É o país con máis taxis do mundo.
- A súa gastronomía foi recoñecida pola UNESCO, con influencias indíxenas, árabes e europeas.
- Existe unha gran cantidade de seismos e volcáns, debido a que o país está situado no "Gran cinturón de lume do Pacífico", que é a zona máis sísmica do mundo.



Comprometidos coa conservación e mellora da nosa contorna e coa utilización sostible dos recursos, os alumnos e alumnas traballaron na realización de muráis na semana climática, no coitado da horta, apadrinando árbores e na participación de diferentes xornadas medioambientais sobre as inundacións, a estampación de flores en teas, etc.





Ademáis participamos e traballamos nas diferentes conmemoracións, coa realización de muráis, traballos e investigacións, adaptación dun conto para os nosos afillados/as de segundo.





Comezamos a nosa viaxe, neste curso escolar, dende Galiza, coñecendo e aprendendo sobre o seu patrimonio e algunhas curiosidades sobre a nosa comunidade autónoma, despois viaxamos ata México e por último as 7 marabillas do mundo moderno.



Participamos nas diferentes conmemoracións celebradas durante o curso ademais de disfrutar das diferentes actividades propostas polo centro: Xogos de mesa creativos, manualidades na biblioteca, decoración dunha candeia, resolución de conflitos, curso de iniciación ao lettering...





Este curso o alumnado de cuarto de primaria e segundo co Proxecto do Centro “As culturas do Mundo”, traballamos, aprendimos e investigamos sobre México.



Aprendimos cousas sobre o Clima, as danzas típicas, os charros, os volcáns e comidas típicas de México e.....seguiremos aprendendo.





Tanto en Proxecto Competencial como en Sociais, traballamos para coñecer mellor a nosa Comunidade Autónoma.

Valés era María Dolores

TORRE DE HERREROES
CATEDRAL DE SANTIAGO
MURALLA DE LUGO
FARO DE PISTERRA
CASTELO DE COUTOMALOS

CONCELLERÍAS:
CONCELLERÍA DE MEMORIA HISTÓRICA
CONCELLERÍA DE POLÍTICA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA

GALIZA

Presidente de Galicia
 Alfonso Rueda
 Valés do rollo
 María Dolores

HEMNO GALEGO:
 Que día es repartido
 no castro, unido
 ao mar, a través
 do mar, a través
 do mar, a través

MAPA DE GALIZIA:

MONUMENTOS FAMOSOS:

1. Catedral de Santiago de Compostela
2. Torre de Hércules
3. Muralla de Lugo
4. Castro de Santa Tegra
5. Ruínas de Santa Leixões

Galicia

As nosas ^{provincias} comunidades
 son: Lugo, Ourense,
 Pontevedra e Coruña

A nosa capital é Santiago de Compostela.

A nosa presidenta é Ana Polín e
 Alfonso Rueda.

A valés do rollo é María Dolores Fernández
 Galindo.

As consellerías da nosa comunidade son:



1. Consellería de Presidencia
2. Consellería de Xustiza
3. Consellería de Deportes
4. Consellería de Mar
5. Consellería de Saúde
6. Consellería Rural
7. Consellería de Cultura
8. Consellería Industrial

o noso himno é Marcha Real.



Debuxade un mapa que recolla a capital da comunidade e os límites mesma.

Nomea cinco monumentos da nosa comunidade

1. unha cabaleira a santa... los cielos
2. El sireno
3. dinasto
4. Julio Verne
5. Loro Raxachol



Na clase 4ºB, estamos moi concienciados co cambio climático e fixemos unha campaña para coñecer o que significan as 3R e para animar a reciclar!





5º de Primaria—Coñecendo África



Neste curso o alumnado de 5º de Primaria, no marco do Proxecto Documental integrado do centro, estudamos as culturas da África Negra, é dicir, as que se atopan por debaixo do deserto do Sáhara. Comezamos por analizar a nosa propia cultura, identificando os elementos que a definen, xa que non se pode coñecer o alleo sen ter presente o noso. Así pois, algúns dos elementos que definen as culturas son: a lingua, os símbolos, a música, as tradicións, as vestimentas, a gastronomía, a relixión, a literatura, os lugares emblemáticos e incluso o deporte. Pero tratando de coñecer as diferentes culturas

de África, démonos de conta dun gran problema, xa que África é, para nós, un continente totalmente descoñecido. É moi difícil atopar, por exemplo, noticias na prensa que teñan que ver con estes países, e incluso caemos sempre no erro de pensar que se trata dun continente homoxéneo, no que todos os países



son iguais e comparten os seus rasgos, sen ter en conta que é moito máis grande que Europa e alberga moitos pobos con moi diversas realidades. Con todo isto, o principal obxectivo do traballo converteuse en mudar o noso concepto sobre África, xa que ao comezar todos pensábamos en tribus, bailes arredor dunha fogueira, rituais místicos, lendas, pobreza etc, pero agora sabemos que hai moitas realidades diferentes e que non todo é como sempre nos contaron.



De tódolos xeitos, e por ser máis atractivo para nós, centrámonos máis en coñecer eses aspectos nos que máis se diferencian da nosa cultura. Así, no entroido vestímonos con traxes rexionais, os cales están adaptados á calor, e consisten en finas telas moi coloridas a modo de capa,



procurando ir frescos, e tamén turbantes na cabeza, cos que taparse do sol, e imitacións dos seus coloridos e ornamentados collares. Tamén fixemos reproducións de instrumentos típicos, como os *djembé*, e escoitamos diferentes estilos musicais; máscaras tradicionais; estudamos diferentes tribus e os seus poboados; e tamén reflexionamos cos seus proverbios, onde encerran a súa sabedoría tradicional.

Este traballo axudounos a coñecer moito máis un continente que temos “esquecido” na nosa cultura, a romper certos mitos e a coñecer as desigualdades e inxustizas que teñen lugar no noso planeta.



5º de Primaria—Outras achegas culturais

Durante o primeiro trimestre os alumnos e alumnas de quinto de primaria asistimos a unhas clases de Hip-Hop, impartidas no noso centro polo grupo Dance Academy Vigo. Aprendimos que o Hip-Hop é moito máis que un baile ou unha música, é unha cultura, orixinada en Nova Iorque nos anos 60, e que conta con cinco elementos: a música, o rap, o baile (*break dance*), o *graffiti* e a roupa. Así pois, non só aprendimos a bailar *break* e preparamos unha coreografía, se non que ampliamos o noso coñecemento sobre outras culturas, neste caso unha cultura ou subcultura urbana. Ademais das sesións que tivemos no centro, fomos tamén un día ao IFEVI a facer un encontro con outros colexios, no que cada grupo amosou as súas coreografías. Por último, tamén amosamos as nosas coreografías ao resto do colexio no Festival de Nadal.





Este curso tamén coñecemos aos membros da Asociación Discamino, afincada en Vigo, e que axuda a persoas con diferentes discapacidades a levar a cabo diferentes actividades, destacando a realización de diferentes Camiños de Santiago e outros retos deportivos. Primeiro foron eles os que viñeron ao centro a contarnos a súa historia, mentres que despois devolvímolles a visita na súa asociación, onde nos deixaron probar a experiencia de montar nas diferentes bicis adaptadas que utilizan. Esta experiencia axudounos a valorar o privilexiados que somos, a coñecer outras realidades moi diferentes ás nosas e a entender que, pese ás dificultades, podemos ser capaces de facer moitas cousas, e que en ocasións poñemos excusas baratas para non facelas.



Por último, e para achegarnos máis á nosa cultura, no terceiro trimestre fixemos unha visita ao Museo Liste para coñecer a tradición dos maios. Esta festa ten a súa orixe no agradecemento pola chegada da primavera, o nacemento das flores e as boas colleitas. Por iso, para facer os maios úlzizanse elementos como o fiúncho, pampullos, cascas de ovo, laranxas e outras flores. Realizamos unha bandeirola e entre todos decoramos un maio, e tamén can-




tamos e bailamos ao seu redor. Foi unha bonita e divertida forma de coñecer máis unha tradición galega propia desta época do ano.



A voz do Mariscal




VIAJE AO PASADO



A voz do Mariscal



O meu recordo de toda primaria foi cando Pedro, eu e Leo nos pasamos un tomate que collimos da horta. Pero Pedro botoulle o paquete enteiro de sal e Leo o de aceite. Estaba súper salgado!



CANTO SAL!!!

Inés

PEDRO 6ºB

Esto recordame a esa experiencia tan chula de cando fomos a Bourras pra montar en Kallak.

PASEO EN KALLAK

O meu recordo é cando en infantil todos facíamos uns xogos no patio dos pequenos. E algúns dos xogos eran, excepción aires nun pau: caneiros de xogos polo céspede e excepción os castores muy bojes. E ese é o meu recordo máis divertido cos meus compañeiros de infantil.



ALEXANDER REYES

SAÍDA A ONS

Foi unha das excursións máis guais de estes últimos 9 anos, estábamos en 5º de primaria. Pasámoalo xenial, gustámonos moito a camiñata de case 3,5 Km cunhas vistas alucinantes. Asumamos na praia, fíxocenos curtos. O que máis me sorprendeu foi a fenda que Juan, o noso director, nos contou.. Estábamos super enganados todos, ata unhas rapazas que non tiñan que ver con nós.

O meu mellor recordo da Primaria foi cando trouxeron OS PAIXAROS a miña clase

NUBE Y SOLGALEO

Adriana 6ºB

Día de hockey

Un gran día no cal viñeron profesores dun equipo de Xockey. Xogamos durante a hora de educación física e pasamos un bo rato xuntos. Unha das melloras visitas que recibimos na escola.

William Andrey 6ºB

O meu mellor recordo en 6º foi o día que traballamos cos nenos e nenas de infantil. Fíxemos varias actividades decorando un libro, coloreando, vimos a súa clase, ler un libro, brincamos con eles... pero máis en paseiro moi ben. A min tocóme estar con neno moi inculado Chamado Roque, pero fíxome rir moito.

IVÁN 6ºB

Fomos a Anipolis


carlos

O mellor recordo que teño da cole é cando cantamos os cantos aos nenos pequenos e quera que se faga máis veces.

INTERCAMBIO LECTOR

DIEGO E.

A voz do Mariscal



A voz do Mariscal



Esta soy yo

LA GRANJA KIRICO

¿Cuándo fué?
Junio del 2018





¿Qué hicimos?
Vi animales como caballos, conejos, patos, cabras y vacas.
Estuve plantando
Pasé todo el día

¿Qué recuerdo?
Recuerdo que me lo pasé muy bien con mi compañeros

Noa Martínez Santos
6ºA








A voz do Mariscal





A voz do Mariscal





PORTADA GANHADORA




SABELA PAZÓ PÉREZ
3ºB

PORTADAS FINALISTAS



ANTÓN PAZÓ PÉREZ
6ºB



PAULA MARTÍN SEIJO
6ºC



PORTADAS FINALISTAS



LAURA CLAVERO ALONSO
5ºB




MARTINA LUCÍA FERNÁNDEZ
GRANA. 5ºB



BREOGÁN SUÁREZ MARQUERIE
4ºA



O EXPLORADOR CABEZÓN



Fai millóns de anos, cando existían os unicornios, había un chamado Manolo vagando só polo deserto. Estaba alí porque, como era tan cabezón, cabreouse coa súa familia e escapouse. E así, acabou no deserto, e agora tiña que sobrevivir.

O fundamental para sobrevivir era auga, comida e refuxio. Manolo decidiu ir primeiro a encontrar refuxio. Mentres andaba, encontrou un burato nunha pedra onde cabía perfectamente, pero era tan cabezón, que dixo que non lle valía. O unicornio seguiu andando e atopou unha cova moi ampla onde tiña espazo para durmir, andar e incluso bailar a Macarena, pero non lle servía porque dicía que tiña que ter un colchón e unha pista de baile, así que pasou de largo.

De súpeto, empezou a ter sede e fame, así que deixou o refuxio para mais tarde. Foi a buscar auga e comida, e atopou pisadas de animais. Parecían pisadas de cerbeiro, un perro con tres cabezas. O avó de Manolo ensinoulle que, en calquera sitio, se atopaba pisadas seguramente lle levarían a un pequeno charco de auga fresca. Como era tan cabezón, dixo que necesitaba un charco onde debía el só, non quería que bebiera ningunha outra criatura. Desde alí coma viu ao longos un oasis. Alí atoparía auga e comida así que se dirixiu ao lugar. Cando chegou coma viu a auga e "reflexionou" (en realidade esa reflexión non tiña ningún sentido). Pensou que era moi raro atopar auga no deserto, e respecto aos plátanos, dixo que como non era a súa comida favorita non os iba a comer.

Estaba anoitecendo, non tiña nin refuxio nin auga nin comida. Estaba moi cansado.

-Non aguanto máis! – berrou Manolo.

Non aguantaba as pernas, e desplomouse no chan. Nenos, se non queredes quedar no deserto sen auga, sen refuxio e sen comida, non seades tan cabezóns como Manolo, entendido?

AUTOR: HUGO VILLAR RELLÁN

6ºB





OS PINGÜÍNS PODEN VOAR ?



Esta peculiar historia comeza na Antártida, nun grupo xigante de pingüíns. Alí atópase o noso protagonista, chamado Moncho. Moncho leva toda a vida pensando en como poder voar porque lle parece moi inxusto que eles non poidan viaxar polo aire. Moncho, coma todos, ten un mellor amigo chamado Xurxiño, que é o único que o apoia, aínda que saiba que, por moito que se esforce, non vai voar.

Houbo unha semana na que Moncho non saía da casa, estaba todo o tempo enganchado a Internet, pero non xogando, senón lendo os diarios de Jules Verne para copiarlle a idea da máquina que voaba. Moncho e o seu mellor amigo estiveron un par de meses construíndoa ata que un día a remataron. A máquina tiña un parecido á de Verne na forma, pero nos materiais non. Para facer as ás tiveron que pegar plumas soltas que había na neve e para a estrutura empregaron tablóns de madeira dun barco que naufragou (igual era do Titanic, a saber). Para tentar voar fixeron varias probas. A primeira foi correr “moitísimo” e sacudir as ás para que de algunha forma se elevasen no aire, pero foi en balde. Probaron dende todos os sitios, pero remataron máis doídos que satisfeitos.

So lles quedaba un lugar para probar que era o “*Acantilado non po-do*”. Nese acantilado era imposible tirarse xa que daba un medo terrible, pero sen ningunha esperanza Moncho e máis Xurxiño tiráronse. Foron planeando todo o traxecto ata amerizar no mar. Aquilo foi xenial porque, por un intre, sentían que voaban. Iso fixo que máis valentes o probaran e gustoulles tanto que se converteu nun deporte! Non se podía dicir que Moncho voaba de todo, pero sentía que a súa preocupación desaparecera.

AUTOR: ANTÓN PAZÓ PÉREZ

6ºB





ATA

SEMPRE!



**BOTARÉMOS VOS
DE
MENOS !!**